

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso dun procedemento de dependencia

Expediente: G.6.Q/18780/18

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2018

Sra. conselleira:

Nesta Institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. [REDACTED], en nome de D^a [REDACTED] relativo ao retraso dun procedemento de dependencia.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que o 11/4/17 recoñecéuselle a D^a [REDACTED] unha situación de dependencia en grado I (expediente OU 34568). Ata estas datas aínda non se recibiu ningunha resolución sobre o acceso aos servizos e/ou prestacións económicas que A dita valoración lle dá dereito. “De nada vale establecer un sistema de valoración de grao de dependencia se este non conleva uns beneficios en servizos ou prestacións para a persoa valorada. Tendo en conta que a maioría destas persoas son de idade avanzada dificilmente poderán verse beneficiadas se os trámites administrativos se alongan no tempo sen ningunha xustificación como pasa na Xefatura Territorial de Ourense”.

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

“... -Data entrada solicitude de recoñecemento de grao de dependencia: 16/06/2016. - Recoñecemento de grao: 21/02/2017. -Emisión de proposta-resolución 10/04/2017. - Resolución grao 11/04/2017 (grao I-Puntuación BVD/ATP: 44,00). Infórmolle que o expediente está en fase de tramitación para a elaboración e resolución do Programa Individual de Atención, libranza vinculada (Servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal -Supervisión e apoios puntuais en

equipamentos especiais-) á Residencia Santa María de Melón, respectando a orde de prelación establecida normativamente para a instrución do procedemento que dá prioridade ás persoas dependentes con maior grao de dependencia e menor capacidade económica e da dotación orzamentaria existente (caso dunha proposta PIA de prestación económica). O retraso na resolución do PIA neste expediente débese as circunstancias indicadas anteriormente. Non é posible determinar a data na que se resolverá e dará efectividade AO PIA debido ó número de expedientes pendentes con prioridade sobre o de Dna. [REDACTED] Así mesmo lle indico que se están adoptando unha serie de medidas que nos permitan a maior resolución posible de expedientes”.

ANÁLISE

1. Coa información aportada confírmase que o expediente se atopa demorado, posto que foi iniciado en xuño de 2016 e aínda non se resolveu na súa última parte, a de aprobación do PIA. Tampouco se expresan as previsións ao respecto; unicamente se indica que “se están adoptando unha serie de medidas que nos permitan a maior resolución posible de expedientes”.

2. O Decreto 15/2010 conforma dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA), e establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15).

3. O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos. As demoras prexudican aos afectados, que polas circunstancias que acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta comprensible. Os dependentes, familiares e cuidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

4. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos (discapacitados), aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a Administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con urxencia se aprobe e se dea efectividade ao PIA pendente.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoa atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo